

2003

EXPOSICIÓN DE FOTOGRAFÍAS Na Casa do Coto en Tomeza, Pontevedra, fíxose unha exposición de fotografías das distintas campañas de limpeza.

II CEA ANIVERSARIO EXCURSIÓN Ó PARQUE BIOLÓXICO DE VILANOVA DE GAIA, PORTUGAL.

EXCURSIÓN DIDÁCTICA POLO RÍO DE ALUMNOS DO COLEXIO O TOURAL DE VILABOA, acompañados por membros de Vaipolorío.

ELABORACIÓN DUNHA UNIDADE DIDÁCTICA SOBRE O RÍO. Na dita elaboración participan os colexios O Toural de Vilaboa e Campolongo de Pontevedra, así como o Concello de Pontevedra.

REMÁTASE A CATALOGACIÓN DE AVES DO RÍO. Despois de oito saídas ornitolóxicas (dúas por cada estación do ano), remátase a catalogación de aves, coa colaboración do ornitólogo Ramón Sineiro de Saa.

III CAMPAÑA DE LIMPEZA Levouse a cabo durante 10 domingos consecutivos, cunhas características semellantes ás de anos anteriores. Nesta campaña contouse coa colaboración de persoal e internos do Centro Penitenciario A Lama e do Centro de Menores Avelino Montero.

ROTA DO RÍO Iníciase xunto co Club de Montañeiros de Pontevedra o estudo para o deseño da rota polas beiras do río dos Gafos.

III FESTA DO RÍO A dita festa contou coa actuación do grupo de música tradicional Os Chichisos, unha comida (polbo á feira e carne ó caldeiro), xogos populares, reciclaxe de papel, un paseo polo río e a exposición de obxectos curiosos retirados na campaña de limpeza.

EXCURSIÓN DIDÁCTICA POLO RÍO DE ALUMNOS DO COLEXIO SAGRADO CORAZÓN DE PLACERES, PONTEVEDRA, acompañados por membros de Vaipolorío.

RECUPERACIÓN DA PONTE DO REBÓN. Procedeuse coa colaboración do Sr. Miguel de Tomeza, canteiro, á rehabilitación dos petrís da ponte do Rebón.

EXCURSIÓN POLO RÍO DA ASOCIACIÓN A FRANCA IRMANDADE, acompañados por membros de Vaipolorío.

REUNIÓN CO PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN. Membros do colectivo reuníronse co Presidente da Deputación de Pontevedra co fin de solicitar financiamento para a publicación do catálogo de aves do río.